



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Violencia de xénero na adolescencia

CONVOCATORIA: convocatoria extraordinaria

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Igualdade e violencia de xénero

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	14
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 12/05/2021 - 08:00h ao 20/05/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

pretende contribuír á incorporación da perspectiva de xénero nas tarefas que desenvolve o persoal empregado público nos diferentes ámbitos, poñendo o foco na forma en que a violencia de xénero afecta as mulleres adolescentes.

Búscase fomentar o coñecemento e a análise crítica necesaria para a identificación das desigualdades, discriminacións e violencias explícitas existentes contra as adolescentes, de xeito que se posibilite a incorporación destes coñecementos ás actuacións públicas e se facilite o desenvolvemento de estratexias de prevención, detección e intervención.

Como obxectivos principais desta actividade poden destacarse os seguintes:

- Formar as persoas participantes nos conceptos básicos sobre desigualdade e discriminación entre mulleres e homes.
- Dotar as persoas participantes de ferramentas de análise da realidade desde unha perspectiva de xénero, que permita a detección de desigualdades no ámbito público e privado.
- Previr a violencia de xénero a través de formación específica sobre as violencias de xénero, a súa raíz na socialización de xénero e os seus mecanismos de transmisión ao persoal da Administración pública, o cal servirá, posteriormente, como axente de transformación social no seu ámbito concreto de traballo.
- Fomentar a toma de conciencia sobre a importancia dos modelos referenciais no desenvolvemento e tolerancia de condutas violentas nos e nas adolescentes.
- Detectar e deconstruír mitos que dificultan a identificación dos casos de violencia de xénero entre adolescentes.
- Fomentar unha análise crítica da influencia das redes sociais e da internet no desenvolvemento de condutas violentas entre adolescentes. Dotar de ferramentas as persoas asistentes para comprender o cambio de paradigma vivido nas relacións sociais coa irrupción das TIC.
- Ofrecer ferramentas de análise para a identificación das condutas violentas máis habituais entre adolescentes, así como dos síntomas de que estas se estean producindo en rapazas e rapaces.
- Fomentar a identificación de violencias de xénero, calquera que sexa a súa forma, e ofrecer algunhas ferramentas de intervención primaria en casos de violencia de xénero.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

A formación estará dividida en 4 sesións, enfocadas a traballar as seguintes temáticas:

**** Violencia contra as mulleres:**

- Conceptos introdutorios.
- Tipos e modalidades de violencia de xénero.
- Mitos e realidades arredor da violencia de xénero.
- Apuntes sobre a lexislación galega, española e europea.

**** Violencia contra as adolescentes na parella:**

- O amor romántico na construción das relacións sexoafectivas adolescentes.
- Análise da construción e consolidación de masculinidades tóxicas en rapaces adolescentes.
- Características da idade que fomentan a aparición e tolerancia de condutas violentas contra as adolescentes.
- Características da idade que dificultan a detección dos casos de violencia contra as adolescentes.

**** Violencias sexuais contra as adolescentes:**

- A violencia sexual como mecanismo de poder e control contra as mulleres.
- O terror sexual e o impacto desta construción social na saúde sexual, emocional e psicolóxica das adolescentes.
- Análise do incremento da violencia sexual entre menores.

**** Violencias contra as adolescentes nas redes sociais e na internet:**

- Características dos medios dixitais que posibilitan, fomentan ou aumentan a violencia contra as adolescentes.
- Modalidades de violencias sexuais e psicolóxicas contra as adolescentes.
- Consentimento.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criteriaos xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/06/2021 a 22/06/2021

NUM. PRAZAS: 35

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 22/06/2021 ás 19:00h

DOCENTES NOMEADOS

RETNOVA Proxectia Consulting

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 5: Os días 14, 15, 21 e 22 de xuño de 16:30 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: Os días 14, 15, 21 e 22 de xuño de 16:30 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA